

Transparencia coa nosa contorna

REPSOL COMPARTE O SEU COÑECEMENTO SOBRE SEGURIDADE COAS SÚAS EMPRESAS COLABORADORAS

- **Responsables de Repsol e xerentes de empresas colaboradoras participan nunha xornada de seguridade co obxectivo común de accidentabilidade cero.**
- **O intercambio de coñecemento en seguridade, medio ambiente e responsabilidade social con provedores é un dos compromisos que a Refinería contemplou dentro do seu Plan de Sustentabilidade 2016.**
- **Repsol avalía permanentemente o desempeño en seguridade das súas empresas colaboradoras, sendo os resultados desta avaliación, condición prioritaria nos procesos de contratación.**

A Refinería de Repsol na Coruña celebrou en Meicende unha xornada de seguridade cos xerentes das súas empresas colaboradoras. Nesta reunión, á que asistiron preto de 100 directivos e responsables das principais compañías que prestan servizo á Refinería, maioritariamente en actividades de mantemento e construción, abordáronse distintos asuntos relacionados coa seguridade, a fiabilidade e as mellores prácticas en prevención de riscos laborais.

O obxectivo destes encontros empresariais é intercambiar información e leccións aprendidas en materia de seguridade, ademais de informar as empresas colaboradoras de Repsol sobre operativos que afectan directamente no correcto desenvolvemento das súas actividades. A meta de Cero accidentes é compartida por Repsol e as súas empresas colaboradoras. É condición prioritaria nos procesos de contratación que as empresas dispoñan dunha adecuada política de prevención de riscos e que o seu compromiso coa seguridade tradúzase nun correcto desempeño á hora de realizar as actividades asignadas dentro das instalacións da Refinería.

Durante a xornada interveu o Xefe de Seguridade, José Antonio Cámara, que realizou unha exposición sobre os resultados de seguridade e un avance da situación de 2016. Así mesmo, detalláronse as bases para o recoñecemento de seguridade 2016, que premiará o desempeño das mellores empresas e que se outorgará ao finalizar o ano.

Posteriormente SIEMSA, unha das empresas colaboradoras, compartiu cos asistentes a súa experiencia nun proxecto piloto desenvolvido xunto con Repsol para

a mellora na eficiencia das súas actividades. Ademais, o director de Fiabilidade e Mantemento, Juan Lorenzo Boix, detallou as liñas basee do proxecto de mellora de fiabilidade no que tanto Repsol como as empresas teñen un compromiso común.

Finalmente o Director da Refinería, Luís Felipe Llamas clausurou a xornada, reiterando o compromiso de futuro e emprego de Repsol no Complexo da Coruña.